

CUESTIONARIO MARX *IDEOLOXÍA*

1. Trata de explicar coas túas palabras a noción marxista de *ideoloxía*: ¿que entendes por *ideoloxía*?, ¿que elementos integran a ideoloxía dunha sociedade? Para Marx, ¿as ideas son autónomas, independentes, teñen vida propia?, ¿a visión materialista da ideoloxía segue un plantexamento idealista?, ¿de que condicións dependen as ideas?
2. ¿Que relación existe entre a ideoloxía e a clase social?, ¿que clase social produce e distribúe as ideas nunha sociedade?, ¿a que clase social pertencen as ideas dominantes nunha determinada época?, ¿de que depende que nunha sociedade dominen unhas determinadas ideas políticas, relixiosas, filosóficas, morais, estéticas? Pon dous exemplos de ideas dominantes na nosa sociedade que correspondan cos intereses das clases dominantes.
3. ¿Por que se refire Marx á ideoloxía como *falsa conciencia*?, ¿que significa que a ideoloxía leva a cabo unha *mixtifixación* da realidade?, ¿cal sería o antídoto fronte á ideoloxía como mixtificación e falsa conciencia?, ¿poderías aportar algúns exemplos de ideas alternativas á ideoloxía dominante?